



ORDENANZA MUNICIPAL E REGULAMENTO PARA A CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS RURAIS.

Artigo 1. Obxecto e fundamento legal.

1. Esta ordenanza municipal ten por obxecto a regulación do uso, mellora, conservación, mantemento e a defensa de camiños e vías rurais de titularidade municipal do municipio de Castrelo do Val, exceptuando as servidumes típicas de predios illadas que se rexerán polos artigos 564 ó 568 do Código Civil.

2. Esta Ordenanza apróbase ó abeiro do previsto no artigo 140 da Constitución Española, no artigo 25.2, d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

Artigo 2. Categorías de camiños.

Camiños da rede viaria municipal: son os camiños e estradas estruturais do termo municipal. Teñen esta condición os que así figuran no Catastro de rústica, ou nos instrumentos de planeamento xeral ou derivado, así como jtódolos que están inscritos no inventario municipal.

Artigo 3. Usos.

1. Son usos ordinarios dos camiños e vías rurais os de circulación de persoas, rabaños, animais de carga, vehículos e maquinaria agrícola e vehículos de turismo, e todo tipo de camiós sempre que sexa eventual.

2. Os outros usos entenderáanse como excepcionais e, máis en concreto, os de maquinaria de construción, carreiras e probas ou prácticas deportivas, maquinaria destinada a prospeccións e instalación mineiras, vehículos deportivos todoterreo, vehículos pesados con un tonelaxe total superior a 15.000 kg, circulación de materiais perigosos, molestos ou insalubres, e circulación de vehículos especiais con cargas de produtos forestais.

Artigo 4. Usos excepcionais.

Os usos excepcionais dos camiños e estradas municipais requirirán a previa autorización municipal, que deberá renovarse o comezo de cada ano, durante o mes de xaneiro.

A dita autorización estará suxeita ó procedemento administrativo e de réxime local aplicable, coas seguintes especialidades.

1. Deberáse presentar unha solicitude firmada polo titular ou o representante legal da persoa ou entidade que pretenda face-lo uso.

2. Esta solicitude deberáse presentar cunha antelación previa de 20 días á data prevista para o uso excepcional.

3. Na solicitude deberáse especifica-lo percorrido, o tipo de uso que se fará, a maquinaria que se utilizará e os días e horas previstos.

4. O Concello resolverá a solicitude nun prazo de 15 días, contados dende o día seguinte a súa presentación, excepto que se suspenda a tramitación do expediente por unha



causa imputable ó interesado. Unha vez pasado este prazo, máis o da suspensión, se é o caso, sen notifica-la resolución, entenderáse denegada por silencio administrativo.

5.A autorización poderá fixa-las condicións que se consideren convenientes, así como, o depósito de fianzas para garanti-la reposición ó estado orixinal e a reparación dos camiños afectados, se é o caso.

Artigo 5. Taxa por uso excepcional e circulación de vehículos pesados.

1.A circulación polos camiños con vehículos de peso total superior a 15.000 kg, os accesos e cerramentos así como as nivelacións ou movementos de terra dos predios lindeiros ós camiños, precisarán autorización expresa do Concello, o abono das taxas regulamentarias e o depósito previo da fianza que se fixe para responder dos eventuais danos e prexuízos. A solicitude tramitaráse conforme ó sinalado no artigo 4 desta Ordenanza.

2. Importe dos avales para esixir:

Será necesaria a presentación de aval bancario que responda polas deterioracións ue se poidan ocasionar ata o final das operación. Se se houbera causado dano na infraestrutura do camiño, arranxaráse co fondo do aval depositado.

Nos casos cuxa utilización sexa permanente ó longo do ano, depositarase aval polas cantidades que correspondan, de acordó co informe de técnico municipal.

Unha vez finalizado o uso excepcional do camiño comunicarase tal circunstancia por escrito ó Concello que comprobará o estado dos camiños afectados tralo cal resolverá o procedente sobre a cancelación da garantía depositada. En caso de que non se producisen danos aparentes ordenarase a devolución da garantía depositada previo ingreso polo solicitante nas arcas municipais do importe do 5 por 100 do aval depositado en concepto de taxas pola autorización municipal.

3.Os eventuais danos á estrutura e instalacións dos camiños, serán reparados polos causantes destes ou subsidiariamente polo Concello a cargo de aqueles.